

Xeoestratexia lusófona na era global

José Palmeira

Introdución

O poder dun Estado radica nun conxunto de factores que, con maior ou menor preponderancia –consoante a conxuntura–, determinan a súa influencia no sistema internacional. Os valores culturais impóñense, cada vez máis, dada a súa maior solidez, fundada en lazos históricos difíciles de quebrar.

Antiga potencia colonial, cun imperio con ramificacións na América Latina (Brasil), África (Angola, Mozambique, Guiné Bissau, Cabo Verde e San Tomé e Príncipe), Oceanía (Timor Leste), India (Goa, Damán e Diu) e China (Macau), Portugal regresou ás súas fronteiras europeas no último cuarto do século XX.

Unha das heranzas dese pasado é a universalidade da lingua portuguesa, adoptada como oficial polos novos Estados saídos da colonización. Sendo un dos principais vínculos dunha comunidade, a lingua pode dinamizar un proxecto xeopolítico que a potencie como elemento estratéxico. Un caso paradigmático acontece coa lingua portuguesa, elo común a oito Estados e a cerca de douscentos millóns de persoas.

Unha lingua universal

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, Ciencia e Cultura (UNESCO) estimou (no ano 2000) en 176 millóns o número de falantes da lingua portuguesa, considerándoa a sexta lingua máis falada no mundo e a terceira no Occidente, despois do español e do inglés⁽¹⁾.

O Instituto Camões, con base no censo xeral da poboación en países de lingua portuguesa, avanzou co número de 183 millóns, sendo que as maiores porcentaxes de falantes do idioma se sitúan en Portugal (con 10 millóns de habitantes) e no Brasil (con 170 millóns de habitantes). En terceiro lugar emerge Angola, onde certa de 40 por cento da súa poboación (calculada en 12 millóns de habitantes) terá o portugués como lingua materna⁽²⁾.

É tamén significativa a comunidade de emigrantes de lingua portuguesa espallada polo mundo, sendo a orixinaria de Portugal superior a catro millóns e medio de persoas⁽³⁾. Alén dos tres países xa citados, o portugués é a lingua oficial en Mozambique, Guiné Bissau, Cabo Verde, S. Tomé e Príncipe e Timor Leste, nun total de oito Estados.

(1) UNESCO, <http://www.unesco.org/>, 2001.

(2) Instituto Camões, <http://www.instituto-camoes.pt/>, 2001.

(3) Ministerio dos Negocios Estranxeiros de Portugal, <http://www.min-nestrangeiros.pt/>, 2001.

O portugués é lingua materna ou oficial de cerca de 3,8 por cento da poboación mundial, nunha área de 10 millóns 500 mil quilómetros cadrados que corresponde a cerca de 8 por cento do mundo habitado⁽⁴⁾. O Instituto Camões proxecta que, coa evolución demográfica, o número de falantes de portugués aumente para 286 millóns, en 2025, e para 336 millóns, en 2050⁽⁵⁾.

Angola é o país africano onde a lingua portuguesa se encontra mellor implantada. Segundo Jorge Couto, verifícase mesmo “*unha crecente afirmación do portugués na SADC (Comunidade de Desenvolvemento da África Austral) e no Mercosur (Mercado Común do Sur), que está a irradiar para os países limítrofes*”⁽⁶⁾.

A lingua é un importante instrumento de aproximación entre os pobos, como o demostra a especial ligazón entre o Norte de Portugal e a Galiza, unha das dezasete comunidades autónomas de España. A afinidade lingüística é a principal razón apuntada para ese feito⁽⁷⁾. Con efecto, no congreso sobre a situación da Lingua Portuguesa no mundo, realizado en Lisboa, en 1983, ficou subliñado que “*o galego e o portugués son normas cientificamente recoñecidas no mesmo sistema que engloba as comunidades lingüísticas luso-brasileiro-africanas*”⁽⁸⁾. No ano seguinte, en Ourense, o I Congreso da Lingua Galego-Portuguesa reafirmou que “*as dúas formas do galego e do portugués constitúen un mesmo sistema lingüístico, unha mesma lingua*”⁽⁹⁾.

A lingua de Camões tamén perdura oficialmente en Macau, Rexión Administrativa Especial da República Popular da China, estatuto que adquiriu en 1999 (20 de decembro), culminando máis de 400 anos de soberanía portuguesa. Esta cidade oriental –coñecida polos seus casinos– vai acoller, en outubro de 2006, a primeira edición dos Xogos da Lusofonía, en que deberán participar cerca de 1.500 atletas, en sete modalidades deportivas, oriúndos dos oito países de lingua oficial portuguesa e de Macau que teñen seleccións a disputar algunhas competicións internacionais, como aconteceu no último Campionato do Mundo de Hoquei en Patíns.

Aínda hai vestixios do idioma portugués noutras comunidades asiáticas, como en Malaca (Malasia) e, nomeadamente, en Goa, un dos 25 Estados da Unión Indiana, onde, corenta anos despois da perda da soberanía portuguesa (1961), a metade dos membros do goberno estatal saben falar portugués⁽¹⁰⁾.

O Instituto Camões, creado en 1992 –sucendendo ao Instituto de Cultura e Lingua Portuguesa–, está baixo a tutela do Ministerio dos Negocios Estranxei-

(4) CASTRO ALVES, Dário: *Gloto-política, Línguas do Mundo, Lusofonia e a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Anglofonia. Russofonia*, Cultura, XI, CHC/UNL, 1999.

(5) *Números do Instituto Camões*, Público, 2001 (5 febreiro).

(6) COUTO, Jorge: *Língua Portuguesa: Perspectivas para o Século XXI*, Instituto Camões, <http://www.instituto-camoes.pt/>, 2001.

(7) A tradición cultural galaico-portuguesa viu frustrada, en 2005, pola UNESCO, a súa clasificación como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

(8) SEIVANE TÁPIA, Bieito *et al*: *Galiza Portugal - Uma Só Nação*, Nova Arrancada, Lisboa, 1997, pp79-100 (“Galiza: Ontem e hoje de um genocídio linguístico”).

(9) *Ibidem*.

(10) *Governo de Goa fala português*, Público, 1999 (4 decembro).

ros e ten como función promover a lingua e a cultura portuguesas no mundo. Con sede en Lisboa, este organismo, bautizado co nome do maior poeta portugués (autor de *Os Lusíadas*), ten tres delegacións (Berlín, Bruxelas e Vigo) e xestiona unha quincena de centros culturais e máis de tres decenas de centros de lingua portuguesa, con incidencia nos países lusófonos e naqueles onde hai unha significativa diáspora portuguesa.

A un escritor lusófono, o portugués José Saramago, foi atribuído o Premio Nobel da Literatura, un anos despois de dous outros lusófonos, os timorenses Ximenes Belo (entón bispo de Dili) e José Ramos Horta (actual ministro dos Negocios Estranxeiros de Timor Leste), teren sido agraciados pola academia sueca co Premio Nobel da Paz, en recoñecemento do seu papel na liberación daquel territorio.

Alguns portugueses ocupan, actualmente, cargos dalgunha relevancia internacional, como son os casos de José Manuel Durão Barroso, presidente da Comisión Europea, e de António Guterres, alto comisario das Nacións Unidas para os Refuxiados. O actual ministro dos Negocios Estranxeiros, Diogo Freitas do Amaral, presidiu a Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1995, ano do cincuentenario da organización; e o embaixador José Cutileiro foi secretario xeral da Unión da Europa Occidental (UEO), entre 1994 e 1999. O entón presidente de Mozambique, Joaquim Chissano, presidiu a novel Unión Africana, entre 2003 e 2004.

Xeoestratexia lusófona

Promover “*a progresiva afirmación internacional do conxunto dos Países de Lingua Portuguesa que constitúen un espazo xeograficamente descontínuo mais identificado polo idioma común*”⁽¹¹⁾ é un dos principais obxectivos da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP), creada hai dez anos (17 de xullo de 1996), en Lisboa. Un país europeo (Portugal), un suramericano (Brasil), cinco africanos (Angola, Mozambique, Guiné Bissau, Cabo Verde e S. Tomé e Príncipe) e un da Oceanía (Timor Leste), son os oito Estados que dan corpo a ese proxecto xeopolítico que congrega cerca de douscentos millóns de lusófonos⁽¹²⁾.

Dotada dun conxunto de catro órganos (Conferencia de Xefes de Estado e de Goberno, Consello de Ministros, Comité de Concertación Permanente e Secretaría-Executivo), a CPLP, con sede en Lisboa, ten como principais obxectivos “*a concertación político-diplomática entre os seus membros en materia de relacións internacionais, nomeadamente para o reforzo da súa presenza nos foros internacionais; a cooperación, particularmente nos dominios económico, social, cultural, xurídico*

(11) Declaración Constitutiva da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, <http://www.cplp.org/>.

(12) A Guiné Ecuatorial, o único país hispanófono de África, manifestou o desexo de se xuntar á CPLP, tendo o seu presidente, Teodoro Obiang Nguema, participado na cimeira da organización que en 2004 tivo lugar en S. Tomé e Príncipe.

e técnico-científico; a materialización de proxectos de promoción e difusión da Lingua Portuguesa⁽¹³⁾.

O cemento que liga aos Oito é, nomeadamente, a lingua portuguesa, falada ou entendida en porcentaxes variábeis, consoante o país, mais tamén o lastre histórico dunha vivencia conxunta (durante o colonialismo) que hoxe se manifesta nalgunha mestizaxe cultural, con reflexo nas migracións e na institucionalización da CPLP, os países lusófonos –reunidos en São Luís do Maranhão (Brasil), en novembro de 1989–, tiñan decidido crear o Instituto Internacional da Lingua Portuguesa, con sede na Praia (Cabo Verde) e que ten, entre os seus propósitos, a concreción dun Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa, cuxa primeira versión foi asinada en Lisboa, en decembro de 1990.

Adriano Moreira constata que *“en toda a parte, aquilo que se presenta como menos vulnerábel, e como cemento máis forte, é realmente a lingua, e, con ela, se a capacidade existe e a vontade non falta, o vehículo cultural capaz de disputar o seu espazo e de o facer crecer”*⁽¹⁴⁾. Yves Marek, por súa vez, subliña *“a emerxencia nas relacións internacionais do fenómeno cultural [que] adquiriu recentemente dignidade xeopolítica”*⁽¹⁵⁾ e dá o exemplo da política francesa de Francofonía como *“un proxecto esencialmente político”*⁽¹⁶⁾.

Iso xa tiña sido admitido por Zbigniew Brzezinski cando, en 1990, admitiu que o factor militar iría *“perder a súa importancia, coa desaparición da ameaza soviética”*, a favor do *“éxito económico”* e da *“influencia cultural”*, dando o exemplo dos Estados Unidos da América (EUA) cuxo poder *“é, en grande parte, o seu dominio no mercado mundial das comunicacións”*, dado que *“oitenta por cento das palabras e imaxes que circulan no mundo proveñen dos Estados Unidos”*⁽¹⁷⁾.

O “espazo lusófono” ten potencialidades para ser unha “marca” (de orixe portuguesa) no mercado global do sistema internacional, así os (oito) Estados que o representan consigan converxer en políticas que, para alén da defensa e promoción da lingua común, pasen pola institucionalización dunha cooperación ampliada a outros dominios de interese mutuo.

Portugal, o Brasil e Angola preséntanse, face ao seu potencial rexional, manifesto ou latente, como os máis capaces de funcionar como dinamizadores dun tal proxecto. José Aparecido de Oliveira, antigo embaixador do Brasil en Portugal e un dos principais promotores da CPLP, considera que *“no campo do proceso de rexionalización e globalización, é posíbel pensar nun enlace triangular envolvendo os espazos rexionais do Mercosur, da Unión Europea e da Comunidade de Desen-*

(13) Artigo 3º dos Estatutos da CPLP.

(14) MOREIRA, Adriano *et al*: *A Comunidade dos Países de Língua Oficial Portuguesa (Seminário)*, Atena/IAEM, Sintra, 1999, p26.

(15) MAREK, Yves: *La dynamique des ensembles géo-linguistiques et culturels*, Revue Française de Géoeconomie, nº10, 1999.

(16) *Ibidem*.

(17) MATTELART, Armand: *A Comunicação-Mundo – História das Ideias e das Estratégias*, Instituto Piaget, Lisboa, p189.

volveremento da África Austral, centrado en intereses reais e complementares dos tres potenciais parceiros rexionais”⁽¹⁸⁾.

Eduardo Lourenço cita ao ex-presidente brasileiro Fernando Henrique Cardoso, cando este advertiu que “o feito de usarmos a mesma lingua non significa que teñamos a mesma cultura”⁽¹⁹⁾. Lourenço considera que “só para nós portugueses a Lusofonía e a mitoloxía da Comunidade dos Pobos de Lingua Portuguesa é imaxinada como unha totalidade ideal compatíbel coas diferenzas culturais que caracterizan cada un dos seus compoñentes”⁽²⁰⁾. A súa convicción é a de que “os tres aneis, a que poden asimilarse as relacións de Portugal con África e o Brasil no dominio cultural, relevan non só de temporalidades diversas, como tamén explicitan modelos culturais de funcionamento diferente, determinados polo xogo sutil entre as similitudes e as diferenzas que caracterizan as relacións entre eles”⁽²¹⁾.

Aparecido de Oliveira subliña o feito de a CPLP ter sido creada “nunha fase pos-colonial, o que lle confire a vantaxe de afastar unha postura de subordinación cultural a calquera dos seus membros”⁽²²⁾. Ese non é, no entanto, un entendemento xeneralizado. Por exemplo, o escritor angolano Carlos Pacheco opina que a Lusofonía “non pasa dun proxecto historicamente adulterado, sen ningunha simbiose co imaxinario dos angolanos e dos mozambicanos”, sendo “cando moito, un mito para Portugal e as súas elites, reflexo talvez dun saudosismo pola perda o Imperio”⁽²³⁾.

Outro escritor, António Tabucchi, contestou (no xornal *Le Monde*, durante o Salón do Libro de París, no 2000) “a política da Lusofonía que utiliza a frase de Pessoa ‘a miña patria é a lingua portuguesa’ como ‘unha marca de dentífrico para conquistar mercado’, tornándoa ‘vil’”⁽²⁴⁾. As propias conmemoracións dos 500 anos da descuberta do Brasil, en Porto Seguro, no ano 2000, foron mal recibidas por algúns sectores daquel país suramericano que evocaron a connotación “colonialista” do evento.

A CPLP, segundo a terminoloxía de Olivier Dollfus –usada para clasificar a Commonwealth e a Organización Internacional da Francofonía (OIF)– inseriríase nos “clubes de nostalxia”⁽²⁵⁾. Mais hai autores, citando a Pascal Boniface, que xustifican a creación desas comunidades con base nunha especie de determinismo: “os imperios poden desaparecer, porén permanece deles algunha cousa, unha aspiración difusa para a unidade: a propia Unión Europea [...] sería a herdeira de Carlos Magno”⁽²⁶⁾.

(18) APARECIDO DE OLIVEIRA, José *et al*: *A Comunidade dos Países de Língua Oficial Portuguesa (Seminário)*, Atena/IAEM, Sintra, 1999, p41.

(19) LOURENÇO, Eduardo: *A Nau de Ícaro, seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia*, Gradiva, Lisboa, 1999 (2ª ed), p167.

(20) *Ibidem*, p179.

(21) *Ibidem*, p168.

(22) APARECIDO DE OLIVEIRA, José *et al*: *op.cit*, p41.

(23) PACHECO, Carlos: *Lusofonia e regimes autoritários em África*, Público, 2000 (3 febreiro).

(24) *A lusofonia é ‘uma marca dentífrica’*, Público, 2000 (19 marzo).

(25) DOLLFUS, Olivier: *La nouvelle carte du monde*, PUF, París, 2000 (2ª ed.), p28.

(26) BONIFACE, Pascal (dir): *Dicionário de Relações Internacionais*, Plátano, Lisboa, 1997, p188.

De acordo con José Carlos Venâncio, a Lusofonía debe ser “*un proxecto político e estratéxico protagonizado por aqueles que, falando e recoñecéndose, en termos identitarios, na lingua portuguesa, procuran fortalecer a súa base negocial nun mundo globalizado*”⁽²⁷⁾. José Aparecido de Oliveira concíbea como unha comunidade fundada sobre a unidade da lingua e un proxecto de xeopolítica e de xeoeconomía. Dário Castro Alves acrecenta que “*ao lado da xeopolítica, poderíase mesmo pensar nunha glotopolítica [...] como a doutrina, práctica ou disciplina que compendiaría e estudaría as relacións dun Estado ou dunha nación cos demais, no plano rexional como no plano multilateral amplo, do punto de vista da situación da súa lingua como instrumento de presenza e posicionamento na comunidade internacional*”⁽²⁸⁾.

Adriano Moreira propón un “*entendemento lusotropical dos valores actuais da globalización da Nova Orde*”, considerando a Lusofonía “*o máis importante compoñente da herdanza cultural lusíada espallada polo mundo*” e a Igrexa Católica “*a institución máis presente en todo o patrimonio común deste espazo*”⁽²⁹⁾.

Nun estudo sobre a CPLP no contexto da globalización, Adelino Torres e Manuel Enes Ferreira conclúen que as vantaxes da existencia desta organización “*derivan menos do económico do que do conxunto, bastante impreciso, do mesmo modo, dos factores socioculturais e lingüísticos, na medida en que estes facilitan diálogos cruzados, con incidencias en varios planos, incluíndo o da economía*”⁽³⁰⁾.

O mesmo traballo revela que, en termos económicos, Portugal ocupa un “papel central” no espazo intra-CPLP, dado que, a pesar da primacía dada á integración europea, “*nunca deixou de ollar para as súas ex-colonias como un importante prolongamento estratéxico, aínda que de “segunda liña”, na vertente económica*”⁽³¹⁾. Hai complementariedade entre os países lusófonos que, debidamente explotada ao nivel dunha cooperación máis intensa e de estratexias comúns, pode xerar externalidades positivas no interese de ambos.

O afondamento desa cooperación, nos máis diferentes dominios, incluíndo o establecemento da “cidadanía lusófona” –en caso de que a reciprocidade de dereitos sexa compatíbel coa cidadanía da Unión Europea–, a creación dunha forza militar conxunta capaz de intervir en operacións de manutención da paz ou a institución dunha asemblea parlamentaria da CPLP⁽³²⁾, reforza a posición de cada un dos seus

(27) VENÂNCIO, José Carlos: *Lusofonia, pós-nacionalismo e criatividade literária*, conferencia proferida na Universidade do Miño (UM), en 30 de novembro de 2000, no ámbito do coloquio “Lusofonias - Polifonias”, promovido polo Centro de Estudos Humanísticos da UM.

(28) CASTRO ALVES, Dário: *Luso-Brasilidades nos 500 Anos*, Eurobrape, Cascais, 2000, p110.

(29) MOREIRA, Adriano: *Teoria das Relações Internacionais*, Almedina, Coimbra, 1999, pp473/474.

(30) TORRES, Adelino e ENNES FERREIRA, Manuel: *A Comunidade dos Países de Língua Portuguesa no contexto da globalização: Problemas e perspectivas*, en MOREIRA, Adriano (coord): *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa*, Almedina, Coimbra, 2001, p29.

(31) *Ibidem*, p25.

(32) No V Fórum dos Parlamentos de Língua Portuguesa, realizado en Luanda, en abril de 2006, foi proposta a revisión dos estatutos da CPLP no sentido da institucionalización dunha asemblea parlamentaria da organización (Jaime Gama propuxo a creación do Parlamento da CPLP, Expresso, 08/04/2006).

membros ao nivel do respectivo bloque rexional e permítelles, sempre que sexa do seu interese, actuar concertadamente nos foros internacionais.

Portugal e o Brasil cóntanse entre os 21 Estados membros da Comunidade Ibero Americana, unha entidade aínda pouco institucionalizada, dado que asenta nun modelo de cimeiras (desde 1991) que se ten revelado pouco produtivo para o conxunto dos países de linguas portuguesa e española que a integran.

Os países lusófonos e hispanófonos fan igualmente parte da Unión Latina, onde tamén se encontran Estados Francófonos e de linguas italiana e rómena, unha organización que, a pesar da súa lonxevidade (a súa convención data de 1954), non ten conseguido impor a latinidade nun mercado cultural cada vez máis competitivo e dominado polo modelo anglosaxón.

Desafíos da era global

Polo seu universalismo, a lingua portuguesa é un importante triunfo da política externa de Lisboa, non só na súa relación cos países que a adoptaron como oficial, senón tamén no contexto doutros “grandes espazos”, como o da Unión Europea (UE) e o da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN).

O feito de a Unión Europea presentarse como un espazo aberto ao mundo (global), e non fechado como unha fortaleza, favorece os intereses de Portugal que sempre cultivou o universalismo e ten nesta característica un dos seus principais triunfos.

Do punto de vista económico, o interese da UE en cooperar con mercados rexionais como o Mercosur (onde está o Brasil) ou a SADC (que inclúe a Angola e Mozambique), releva o papel de Portugal que é parceiro deses Estados na CPLP.

Internamente, e na secuencia da última ampliación a dez novos Estados membros (1 de maio de 2004), en que a Unión pasou a ter vinte linguas oficiais⁽³³⁾, a Comisión Europea reafirmou o seu “compromiso” co multilingüismo na UE, aseverando que *“é a diversidade a que fai da Unión Europea aquilo que ela é: non un crisol no que as diferenzas se baten, senón unha casa común, na cal a diversidade é celebrada e onde as nosas moitas linguas maternas constitúen unha fonte de riqueza e unha vía aberta para unha maior solidariedade e comprensión mutua”*⁽³⁴⁾.

No entanto, nunha altura en que a UE ten 25 Estados membros e en que se fala de “directorios”, de “Europa a varias velocidades” e da necesidade de contención orzamental, non admira que, a cada pouco, se coloque encima da mesa a posibilidade de creación de linguas de traballo nas institucións comunitarias⁽³⁵⁾. Nese

(33) Número que pasará a 21, coa introdución do irlandés, a partir de 2007; e a 23, logo que se xuntem o búlgaro e o romeno.

(34) *Um novo quadro estratégico para o multilingüismo*, Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Consello Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, COM (2005) 596 final, Bruxelas, 22/11/2005.

(35) *Multilingüismo é o grande quebra-cabeças da UE alargada*, Público, 2004 (8 xuño); *PCP alerta para fim do português na União Europeia*, Público, 2004 (25 outubro).

escenario, o principal argumento a que Portugal poderá recorrer para tentar garantir a presenza da súa lingua nese núcleo restrinxido será a universalidade do portugués –lingua de traballo en organismos internacionais como a Organización dos Estados Americanos, Unión Africana, Países de África, Caraíbas e Pacífico (ACP), Unión Latina, Unión Económica e Monetaria Oeste-Africana, Mercosur e a SADC, por exemplo– e o feito, atrás referido, de a UE presentarse como un bloque xeopolítico con vocación global e non apenas rexional.

No que concirne á Alianza Atlántica, da cal Portugal é membro fundador (1949), as mudanzas ocorridas no sistema internacional coa fin da Guerra Fría e a proliferación dun terrorismo transnacional, con particulares efectos nos atentados de Nova York (2001), Madrid (2004) e Londres (2005), fixeron á organización revisar o seu concepto estratéxico e ampliar os seus intereses a outras zonas do globo, comezando polo Atlántico Sur. Nas súas marxes aparecen, como potencias rexionais, o Brasil e Angola, sendo tamén de destacar, pola súa importancia xeoestratéxica, o arquipélago de Cabo Verde e, polo seu potencial petrolífero, o arquipélago de S. Tomé e Príncipe.

No que atinxe aos restantes países de lingua oficial portuguesa, a Guiné Bissau está nunha situación de ponte entre as Áfricas árabe e negra, mentres Mozambique é un importante aliado da África do Sur, nas marxes do Índico. Por súa vez, Timor Leste localízase nun corredor oceánico entre o Índico e o Pacífico e ten no petróleo do Mar de Timor unha das súas riquezas naturais, que partilla coa Australia.

A ocorrencia de guerras civís en Angola e Mozambique, a sucesión de golpes militares na Guiné Bissau e a inestabilidade política en San Tomé e Príncipe, debilitaron estas antigas colonias portuguesas que en 1975 ascenderon á independencia, na secuencia da mudanza de réxime operada en Portugal en 1974 (25 de abril). Os seus problemas internos, agudizados pola Guerra Fría, até finais da década dos oitenta, limitaron a súa acción externa e atrasaron o proceso de creación da CPLP que apenas se institucionalizou en 1996, por impulso do Brasil. Este país, que é o que maior potencial presenta de entre os Oito, non se ten empeñado totalmente no afondamento da organización, feito a que non será estraña a súa característica de subcontinente, máis fechado sobre a súa propia realidade do que interesado nas grandes cuestións internacionais.

En termos globais, unha estratexia lusófona pretende obxectivos como axudar a colocar o Brasil entre os membros permanentes do Consello de Seguranza das Nacións Unidas, do mesmo modo que, no pasado, se empeñou, con éxito, na independencia de Timor Leste (2002) face á ocupación pola Indonesia (1975) deste territorio baixo administración portuguesa.

Conclusión

Portugal ten a noción de que a súa lingua é un potencial estratéxico fundamental para a afirmación do país na escena internacional. Por iso, a consolidación

da CPLP como o “grande espazo” da Lusofonía, cun sentido político, para alén do lingüístico, é unha prioridade da súa política externa.

A súa participación no proxecto de integración europea só se valorizará perante os seus parceiros se resalta a súa personalidade de euroatlántico e lusófono, o que pasa pola consolidación da Alianza Atlántica e polo afondamento político da CPLP.

Do punto de vista dos intereses de Portugal, parece evidente a importancia do reforzo do alicerce lusófono, sobre todo nunha altura en que se acentúan os efectos globais e en que se evidencian algunhas fraxilidades ao nivel do relación intra-europeo e euro-americano.

De entre os oito Estados lusófonos, Portugal, o Brasil e Angola son aqueles que, debido ao seu potencial rexional (manifesto ou latente), reúnen mellores condicións para levar adiante semellante proxecto. É nese triángulo estratéxico que asenta, en grande medida, a xeopolítica portuguesa.

José Palmeira é profesor de Ciencia Política e Relacións Internacionais na Universidade do Minho e autor do libro “O Poder de Portugal nas Relações Internacionais” (Prefácio, Lisboa, 2006).

Bibliografia

CASTRO ALVES, Dário: *Glotopolítica, Línguas do Mundo, Lusofonia e a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Anglofonia. Russofonia*, Cultura, XI, CHC/UNL, 1999.

DOLLFUS, Olivier: *La nouvelle carte du monde*, PUF, París, 2000 (2ª ed).

LOURENÇO, Eduardo: *A Nau de Ícaro, seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia*, Gradiva, Lisboa, 1999 (2ª ed).

MAREK, Yves: *La dynamique des ensembles géo-linguistiques et culturels*, Revue Française de Géoeconomie, nº10, 1999.

MIRA MATEUS, Maria Helena (coord): *Mais Línguas, Mais Europa: Celebrar a diversidade linguística e cultural da Europa*, Colibri, Lisboa, 2001.

MOREIRA, Adriano (coord): *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa*, Almedina, Coimbra, 2001.

OLIVEIRA, José Aparecido de *et al*: *A Comunidade dos Países de Língua Oficial Portuguesa (Seminário)*, Atena/IAEM, Sintra, 1999.

PALMEIRA, José: *O Poder de Portugal nas Relações Internacionais*, Prefácio, Lisboa, 2006.

STOCK, Maria José e MONTARGIL, Filipe: *Spill-over: Um Novo Quadro Estratégico para a Política de Língua Portuguesa no Mundo*, Actas do II Congresso da Associação Portuguesa de Ciência Política, Bizâncio, Lisboa, 2006, pp247-272.